| GR2B2.1.1. Recoñece con seguridade e axudándose co dicionario calquera tipo de formas nominais e pronominais, declínaas e sinala o seu equivalente en galego e/ou en castelán.<br>GR2B2.2.1. Recoñece con seguridade e axudándose do dicionario calquera tipo de formas verbais, conxúgaas e sinala o seu equivalente en galego e/ou en castelán.<br>GR2B2.4.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e afixos, e procura exemplos doutros termos nos que estean presentes.<br>GR2B2.5.1. Sabe determinar a forma, a clase e a categoría gramatical das palabras dun texto, detectando correctamente coa axuda do dicionario os morfemas que conteñen información gramatical. |
| **Bloque 3. Sintaxe** |
| GR2B3.1.1. Recoñece os valores dos casos gregos e os usos dos pronomes en frases e textos propostos.<br>GR2B3.2.1. Recoñece os valores das preposicións e identifica os complementos circunstanciais.<br>GR2B3.3.1. Coñece, identifica e traduce correctamente os usos modais propios da lingua grega.<br>GR2B3.4.1. Recoñece e clasifica oracións e construcións sintácticas.<br>GR2B3.5.1. Recoñece, clasifica, analiza e traduce correctamente os nexos subordinantes.<br>GR2B3.6.1. Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos, tradúceas correctamente e explica as súas funcións.<br>GR2B3.7.2. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua grega, relacionándoos para traducilos cos seus equivalentes en galego e castelán. |

- **OS TEXTOS GREGOS E A SÚA INTERPRETACIÓN.**

**Estándares do bloque 5. Grao mínimo de consecución: 50%**

- Interpretación crítica e tradución de textos. A exactitude na expresión lingüística.
- Afondamento na lectura comprensiva e tradución de textos latinos achegándose ao seu contexto social, cultural e histórico.
- Lectura e comentario de obras e fragmentos latinos traducidos relacionados cos diversos xéneros literarios asimilando as súas características formais

| Bloque 5. Textos |
|---|
| GR2B5.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos gregos para efectuar correctamente a súa tradución.<br>GR2B5.2.1. Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario para a tradución de textos, e identifica en cada caso o termo<br><br>máis apropiado na lingua propia en función do contexto e do estilo empregado polo/a autor/a.<br>GR2B5.4.1. Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos, partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoas con coñecementos adquiridos previamente.<br>GR2B5.5.1. Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero e o propósito do texto. |

- **LÉXICO GREGO E A SÚA EVOLUCIÓN. Estándares do bloque 6.**
  **Grao mínimo de consecución: 50%**

- Ampliación de vocabulario básico grego: a linguaxe literaria e filosófica.
- Helenismos máis frecuentes do léxico especializado.
- Descomposición de palabras nas súas formantes.
- Etimoloxía e orixe das palabras da propia lingua.

| Bloque 6. Léxico |
|---|
| GR2B6.1.1. Identifica os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado, e explica o seu significado a partir dos étimos gregos orixinais.<br>GR2B6.2.1. Deduce e explica o significado de palabras da propia lingua ou de outras, obxecto de estudo, a partir dos étimos gregos dos que proceden.<br>GR2B6.4.1. Comprende e explica a relación entre termos pertencentes á mesma familia etimolóxica ou semántica.<br>GR2B6.5.1. Recoñece e distingue cultismos, termos patrimoniais e neoloxismos a partir do étimo grego, e explica as evolucións que se producen nun caso e en outro.<br>GR2B6.6.2. Sabe descompor unha palabra nos seus formantes e coñecer o seu significado en grego, para aumentar o caudal léxico e o coñecemento da lingua propia. |

- **LITERATURA. Estándares de aprendizaxe do bloque 4.**
  **Grao mínimo de consecución: 50%**

- A literatura grega e os xéneros literarios: a historiografía, a oratoria, a poesía épica, a lírica e o teatro. Influencia da literatura latina na literatura posterior. Os xéneros literarios gregos e a súa influencia nas manifestacións posteriores artísticas e literarias.

| Bloque 4. Literatura |
|---|
| GR2B4.1.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios gregos, e identifica e sinala a súa presenza nos textos propostos.<br>GR2B4.2.1. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles autores, obras e outros aspectos relacionados coa literatura grega.<br>GR2B4.2.2. Distingue o xénero literario ao que pertence un texto, as súas características e a súa estrutura.<br>GR2B4.4.1. Pode establecer relacións e paralelismos entre a literatura grega e a posterior.<br>GR2B4.5.1. Nomea autores representativos da literatura grega, encádraos no seu contexto cultural e cita e explica as súas obras máis coñecidas. |

## 5.3 PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DA AVALIACIÓNPROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

1. Análise e síntese de textos literarios relacionados coa cultura grega.
2. Visión e análise de obras plásticas relacionadas co mundo grego clásico.
3. Comparación do mundo grego antigo co actual, en especial co galego.
4. Comprobación da incidencia dos mitos nas palabras, frases, literatura e na arte.
5. Lectura e escritura en grego.
6. Análise dos principais fenómenos fonéticos.
7. Análise morfosintáctica de palabras, frases e textos gregos.
8. Comparación das estruturas morfosintácticas do grego coas demais linguas.
9. Tradución directa e inversa de frases e/ou textos dunha dificultade progresiva sen necesidade da axuda do dicionario/ coa axuda do dicionario.
10. Estudo dun vocabulario básico de "máxima frecuencia".
11. Realización de exercicios de vocabulario nos que o alumno se familiarice coas regras xerais de transcrición, derivación e composición.
12. Dedución de significados a través da relación de palabras da mesma familia.
13. Recompilación de helenismos utilizados en libros de texto de bacharelato ou xornais para unha posterior análise e clasificación.
14. Lectura individual de obras literarias traducidas.
15. Realización de traballos de investigación sobre literatura grega.
16. Exposición oral de traballos.
17. Localización nun mapa de lugares, personaxes, obras artísticas, acontecementos históricos e feitos culturais.

## ➢ INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

### A) Avaliación inicial

Realizarase unha **avaliación inicial** que determine o nivel previo de coñecementos dos alumnos, porque é imprescindible determinar os seus coñecementos sobre morfoloxía, sintaxe, vocabulario, historia e cultura clásica para poder tomar as decisións necesarias sobre a marcha do curso. A **proba** realizada consta de dúas partes:

1. A primeira expón cuestións que nos informarán sobre a comprensión lectora, expresión escrita e os coñecementos gramaticais, léxicos y etimolóxicos dos alumnos.
2. A segunda parte expón cuestións sobre aspectos culturais relacionados coa materia.

### B) Avaliación do proceso aprendizaxe

- Na **avaliación ordinaria** a cualificación do proceso de aprendizaxe dos alumnos debe levarse a cabo tendo en conta os seguintes aspectos:

1. Traballo diario.
2. Probas específicas.
3. Tarefas e traballos de investigación, incluíndo as TIC, lectura de libros e/o textos clásicos.

***1. Traballo diario***

O labor fundamental do profesorado é a observación e o control do traballo diario do alumno mediante:

- Control do traballo na aula e na casa.
- Preguntas frecuentes na aula.
- Seguimento do caderno do alumno.
- Control de asistencia e puntualidade.
- Observación do grao de participación na clase.

**Valorarase** mediante rexistro de observación a actitude do alumno con respecto:

- á materia
- ós seus compañeiros e ó seu profesor
- ás normas de uso e utilización de recintos e materiais

Deste xeito o profesor e/ou profesora observará as dificultades, os avances ou os erros máis frecuentes dos alumnos e poderá atendelos axeitadamente.

Este departamento considera o traballo diario do alumno como un labor diario de obrigado cumprimento.

***2. Probas específicas e obxectivas***

As probas, escritas ou orais, recollerán o exposto durante o período correspondente, sen que representen unha dificultade insuperable para o alumno que traballou a cotío.

De xeito habitual faranse **dúas/tres probas escritas por avaliación**, para que exista unha constancia por escrito dunha nota académica. Este tipo de probas teñen como finalidade avaliar ó alumno e axudar ó profesor a programar o avance do curso académico, observando se se van cumprindo os obxectivos comentados nun principio. Todos os resultados académicos destas probas están gardados no libro do profesorado. Asemade, haberá probas das lecturas establecidas para cada trimestre.

Estas probas realizaranse normalmente en horario lectivo, pero non se descarta a posibilidade de realiza-las fóra del, sempre e cando alumnos e profesor, de común acordo, así o decidan.

**Valorarase** mediante <u>probas</u>:

- Presentación: limpeza, orde, ortografía, caligrafía, puntuación e respecto polas marxes.
- Exactitude e claridade na resolución das respostas.
- Expresión. É fundamental a correcta utilización da lingua vehicular e daráselle especial importancia á riqueza léxica e semántica usada nas respostas. Este criterio establécese de forma positiva: unha mellor expresión significará unha maior valoración.
- Desenvolvemento do exercicio. Resolución axeitada en forma e tempo.

***3. Tarefas / Traballos de investigación / Lecturas***

É importante que o alumno se achegue á cultura clásica persoalmente, polo que se proporán tarefas, **traballos de investigación** e lectura de libros e/o textos, o que non será sempre posible dentro do horario lectivo.

**Valorarase** mediante unha <u>rúbrica de produción / proba escrita ou oral</u>:

- A puntualidade na data de entrega prevista.
- A presentación do traballo (oral/escrita, individual/colectiva, incluíndo o formato dixital) e a elaboración persoal.
- A comprensión lectora e a síntese do tema motivo do traballo o de lectura.

➢ Na **avaliación extraordinaria** coa lexislación vixente está previsto un **exame extraordinario** para o alumnado que non acade cualificación positiva na convocatoria de xuño ordinaria. Na data que acorde o centro educativo realizarase un exame escrito, sendo necesario obter unha nota mínima de 5 para superalo.

| AVALIACIÓN | PROCEDEMENTOS | INSTRUMENTOS |
|---|---|---|
| **Inicial** | **PROBA** | Proba escrita con preguntas de carácter xeral sobre o mundo clásico. |
| **Ordinarias** | **PROBA/S**<br>**RÚBRICA**<br>**REXISTRO** | Probas escritas e orais<br>Rúbrica de produción<br>Rexistro de Observación |
| **Extraordinaria** | **PROBA** | Proba escrita |

# 6. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES

O enfoque metodolóxico deberá favorecer a capacidade de **autoaprendizaxe**, de traballar en **equipo** e aplicar os métodos apropiados de **investigación** para seguir aprendendo ao longo da vida.

- Os textos converteranse no punto de partida para traballar simultaneamente os aspectos morfosintácticos da lingua latina, o seu léxico e a súa relación co galego e co castelán, así como os aspectos culturais relacionados cos textos traballados.
- Proporase unha secuencia de traballo axeitada e graduada por medio dunha metodoloxía activa, preferentemente de tipo indutivo-contextual.
- O enfoque irá dirixido a que o alumnado desenvolva e afiance as súas propias técnicas de traballo mediante diversas estratexias.
- Procurarase xerar un clima na aula co que os alumnos sintan a necesidade de participar activamente no proceso de ensinanza-aprendizaxe, asegurándonos de que eses intentos, mesmo se son erróneos, sirvan de estímulo para intentalo de novo.
- Neste senso, crearanse contextos de aprendizaxe e avaliación que comprometan o alumnado e que o leven a planificar e avaliar as súas realizacións, identificando os avances e as dificultades, de cara a autorregular o seu propio e singular proceso de aprender a aprender.
- Promoverase a participación do alumnado en pequenos traballos de investigación, coa orientación precisa para que poida acadar a capacidade de realizar un proxecto de investigación escolar de forma autónoma.
- Atenderase á **diversidade** e observaranse as particularidades concretas de cada alumno. Así haberá un tratamento mediante adaptacións curriculares, se for preciso.
- Promoverase a **utilización das TIC** para informarse, aprender e comunicarse e para utilizar con sentido crítico, como recurso formativo, materiais de procedencia diversa.
- Favorecerase a **cooperación** e a **aceptación mutua** nos traballos en grupo.

## ➢ ACTIVIDADES

Levaranse a cabo diversos tipos de actividades:

a. **Actividades de presentación-motivación:** Para introducir ao alumnado no tema que se aborda e espertar o seu interese sobre os contidos da unidade, poderá establecerse un pequeno debate a partir dalgún artigo de prensa, noticia, imaxe, texto dun autor clásico, etc., relacionado co tema a tratar, realizar unha tormenta de ideas con preguntas abertas ou analizar e comentar un vídeo relacionado co tema.
b. **Actividades de avaliación de coñecementos previos:** Para obter información acerca de que saben e que procedementos, destrezas e habilidades teñen desenvolvidas os alumnos sobre un tema concreto, pode realizarse un "test de coñecementos previos" co que o profesor pode facerse unha idea de cada alumno e da clase en xeral.
c. **Actividades de desenvolvemento dos distintos contidos:** Coa finalidade de que o alumnado adquira novos coñecementos, empregaranse varios métodos:
    - <u>Método dogmático-maxistral:</u> Para introdución a un tema ou unidade, exposición de temas concretos ou propostas de técnicas de traballo.
    - <u>Método histórico:</u> Para un breve estudio dun tema a través do tempo.
    - <u>Método de proxectos:</u> Para a construción dun traballo sinxelo, incluíndo a fase de deseño, planificación e construción.
d. **Actividades de consolidación:** Para que os alumnos contrasten as novas ideas coas previas e apliquen as novas aprendizaxes, realizarán actividades nas que se traballarán tanto os contidos conceptuais, como os estándares de aprendizaxe e actitudes.
e. **Actividades de síntese-resumo:** Para que o alumnado estableza a relación entre os distintos contidos aprendidos, así como contrastalos cos que xa tiñan, poden elaborar mapas conceptuais sobre os contidos da unidade ou elaborar un resume.
f. **Actividades de reforzo:** Para aqueles alumnos que non alcancen os obxectivos ou que teñen un ritmo de aprendizaxe máis lento deseñaranse actividades destinadas a desenvolver os contidos de reforzo.
g. **Actividades de ampliación:** Para o alumnado que teña un ritmo máis rápido de aprendizaxe realizaranse actividades como a busca de información en outras

fontes das proporcionadas de xeito ordinario na aula sobre algún dos contidos do tema.

h. **Actividades de avaliación:** Son as actividades dirixidas á avaliación formativa e sumativa que non se cubriron polas actividades de aprendizaxe dos tipos anteriores.

Nos distintos temas non será necesario empregar todas estas actividades, senón que haberá que axustalas ás características dos contidos e obxectivos a tratar, e ás características do alumnado.

# 7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

O traballo na materia de Grego desenvolverase utilizando os seguintes materiais e recursos:

**1) Libro do alumno:** sen libro, aínda que se recorrerá, cando se estime oportuno, ao libro utilizado o ano anterior.

**2) Outros recursos bibliográficos.** Utilizaranse recursos bibliográficos procedentes da Biblioteca do instituto, do departamento de Latín, e da biblioteca de aula, onde trasladamos suficiente material bibliográfico para que en calquera momento da clase poidamos facer calquera clase de busca de información. Son dicionarios, libros de mitoloxía e de temática clásica en xeral, novelas e relatos xuvenís ambientados na Antigüidade Clásica, adaptacións de obras clásicas, etc.

**4) Materiais de reprografía.** Exercicios, apuntes, ou calquera outro tipo de material elaborado ou seleccionado pola profesora, fotocopiado nas instalacións do centro e entregado aos alumnos.

**5) Medios informáticos.** Temos asignado o uso da aula TIC unha vez á semana. Ademais, na aula onde se imparten as clases hai un ordenador con conexión á rede. O alumnado ten acceso á páxina web da editorial Anaya, con recursos complementarios para facilitar a súa aprendizaxe.

**6) Medios audiovisuais.** A aula de clase ten instalado un proxector conectado ao ordenador. Ademais o departamento dispón de vídeos educativos e películas relacionados coa materia.

# 8. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

## 1.1CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Aplicaranse os criterios de avaliación do punto 4 desta programación:

Bloque 1. Lingua grega. B (1.1; 1.2).

Bloque 2. Morfoloxía. B (2.1; 2.2; 2.3; 2.4; 2.5)

Bloque 3. Sintaxe. B (3.1; 3.2; 3.3; 3.4; 3.5)

Bloque 4. Literatura grega. B (4.1; 4.2; 4.3; 4.4; 4.5)

Bloque 5. Textos. B (5.1; 5.2; 5.3; 5.4; 5.5))

Bloque 6. Léxico. B (6.1; 6.2; 6.3; 6.4)

Basicamente son os seguintes:

a. Coñecer os dialectos antigos e literarios, clasificalos e localizalos nun mapa.
b. Comprender a relación directa que existe entre o grego clásico e o moderno e sinalar algúns trazos básicos que permiten percibir este proceso de evolución.
c. Coñecer as categorías gramaticais e os formantes das palabras.
d. Realizar a análise morfolóxico das palabras dun texto clásico.
e. Recoñecer e clasificar as oracións e as construcións sintácticas.
f. Relacionar e aplicar coñecementos sobre elementos e construcións sintácticas da lingua grega en interpretación e tradución de textos de textos clásicos.
g. Coñecer as características dos xéneros literarios gregos, os seus autores e obras máis representativas e as súas influencias na literatura posterior.
h. Coñecer os fitos esenciais da literatura grega como base da literatura europea e occidental.
i. Analizar, interpretar e situar no tempo textos, distinguindo o xénero literario ao que pertencen, as características esenciais e a estrutura.
j. Establecer relacións e paralelismos entre a literatura clásica e a posterior.
k. Coñecer, identificar e relacionar os elementos morfolóxicos da lingua grega en interpretación e tradución de textos de textos clásicos.
l. Realizar a tradución, interpretación e comentario lingüístico, literario e histórico de textos de grego clásico.
m. Utilizar o dicionario e buscar o termo apropiado na lingua propia
n. Coñecer, identificar e traducir o léxico grego.

o. Identificar a etimoloxía e coñecer o significado das palabras gregas da lingua propia ou doutras, obxecto de estudo tanto de léxico común como especializado.

p. Recoñecer os elementos léxicos e os procedementos de formación do léxico grego: a derivación e a composición para entender mellor os procedementos de formación de palabras nas linguas actuais.

## 1.2 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Ó ser **avaliación continua** e tratarse do estudo dunha lingua, os contidos referidos á lingua, léxico e textos dunha avaliación manteranse na seguinte, resultando así que a cualificación positiva nunha avaliación suporá automaticamente a superación da anterior. Polo tanto, non hai necesidade de exames de recuperación intertrimestrais, senón o lóxico seguimento da evolución do alumno en probas posteriores que darán testemuño da súa recuperación.

Os **criterios de cualificación** utilizados nas avaliacións ordinarias serán os seguintes:

A. **70 % para 1 ou 2 PROBAS ESCRITAS** relacionadas cos EEA correspondentes ós bloques de "lingua grega e interpretación de textos" (bloques 1,2,3,5):
Aplicarase o criterio da **avaliación continua** polo que **non** terán recuperacións intertrimestrais.

B. **20 % para 1 PROBA ESCRITA OU ORAL** relacionada cos EEA dos bloques:

- "Literatura grega" (bloque 4):
- "Léxico" (bloque 6):

**C. Redondeo. Farase o redondeo sempre que o alumnado acade un 5 na avaliación e cumpra os seguintes criterios:**

1. Traballo na aula e na casa: fai as actividades diarias e defende correctamente as preguntas sobre a materia traballada, e as fai con limpeza e orde nos traballos ou caderno de clase.
2. Interese pola materia: participa con regularidade e/ou fai preguntas.
3. Espírito crítico e construtivo nas súas valoracións.

| INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN | NÚMERO | CONTIDOS BLOQUES EEA | CALIFICACIÓN % |
|---|---|---|---|
| A. Probas escritas. | 1 ou 2 | 1ª: Lingua latina<br>2ª: Lingua latina<br>**Bloques 1, 2, 3, 5,** | 70% |
| B. Proba escrita/oral | 1 | Literatura e Léxico<br>**Bloques 4 e 6** | 20% |
| C. Rexistro de observación. Traducións e actividades | 1 | Por avaliación | 10% |

| AVALIACIÓNS | Valoración en% |
|---|---|
| 1ª AVALIACIÓN (nota Xade) | 20% |
| 2ª AVALIACIÓN (nota Xade) | 30% |
| 3ª AVALIACIÓN (nota Xade) | 50% |

**O aprobado de cada avaliación estará nun 5. O aprobado de cada avaliación estará na superación do 50% dos EEA aplicados en cada apartado.**

- Valorarase positivamente na súa nota final de materia a aquel alumnado que aprobara todas as avaliacións.
- **RECUPERACIÓNS:**
  - O alumnado con todas as avaliacións suspensas non terá dereito a facer recuperacións tendo que presentarse en xuño para poder superar a materia.
  - O alumnado que só suspendera a 3º avaliación poderá presentarse a unha recuperación.
  - O alumnado que só aprobara a 3º avaliación: a nota desta avaliación contará o 80% na nota final da materia. O 20% restante corresponderá á media das outras dúas avaliacións. O aprobado da materia estará nun 5.
- **PROBA EXTRAORDINARIA:** en proba escrita seguirá a estrutura dos exames ABAU:

- Tradución: 60%
- A análise gramatical: 15%
- Literatura: 15%
- Léxico: 10%

- **COPIA NOS EXAMES e actividades**: cando se demostre que algún exame, actividade ou traballo foi obxecto de copia, daráselle a cualificación de 0. No caso de sospeita o alumnado será convocado e defenderá o exame, actividade ou traballo diante da profesora.
- **ALUMNADO CON PROBLEMAS PARA ASISTIR A CLASE**: no caso de que o control do traballo diario non poda facerse na aula por causas de forza maior (enfermidade, accidente...) , a avaliación do alumno farase por outros medios. Se é posíbel que o alumnado poda manter o contacto co profesor e traballar na casa, ambos poñeranse de acordo para establecer un método de traballo. O método elixido permitirá ó profesor dar indicacións ó alumno sobre temas concretos coa axuda do libro de texto e plantexar as tarefas e os traballos que considere oportunos. Ademais, permitirá ó alumno realizar ditas tarefas e envialas periodicamente ao profesor, para que este as poda corrixir e observar as dificultades, avances ou erros que poda ter e resolvelos axeitadamente e coa maior rapidez posíbel. Tamén se arbitrarán probas específicas sobre os contidos, que se realizarán no centro ou vía telemática.

  Se todo o comentado anteriormente non é factíbel, haberá que pensar na realización dunha proba única ó final do curso. Esta proba coincidirá no tempo e na forma coa proba final que realicen os compañeiros do seu grupo.

No tocante ós criterios de promoción e titulación, as decisións adoptadas polo centro figuran no Proxecto Educativo do Centro, razón pola que non aparecen neste documento.

# 9. AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS

Realizarase unha **avaliación inicial** que determine o nivel previo de coñecementos dos alumnos, porque é imprescindible determinar os seus coñecementos sobre morfoloxía, sintaxe, vocabulario, historia e cultura clásica para poder tomar as decisións necesarias sobre a marcha do curso. A **proba** realizada consta de dúas partes:

1. A primeira expón cuestións que nos informarán sobre a comprensión lectora, expresión escrita e os coñecementos gramaticais, léxicos y etimolóxicos dos alumnos.
2. A segunda parte expón cuestións sobre aspectos culturais relacionados coa materia.

Resultado positivo: comezarase cos contidos do curso.

Resultado negativo: dedicaranse varias sesións ao repaso dos contido do ano anterior, realizándose unha proba posteriormente.

O alumnado que non a superase realizará fichas de repaso ata adquirir o mínimo esixible e necesario que lle permita facer fronte aos contidos do novo curso.

# III. 1º y 2º BAC. PUNTOS COMÚNS

## 1. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Ao finalizar cada trimestre, o docente cubrirá unha folla na que valorará os seguintes indicadores: (RÚBRICA)

| **PRÁCTICA DOCENTE** | **Esacala** | | | |
|---|---|---|---|---|
| | **1** | **2** | **3** | **4** |
| Realiza a avaliación inicial ao principio de curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes. | | | | |
| Programa semanalmente e diariamente as clases. | | | | |
| Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica. | | | | |
| Revisa os traballos propostos na aula e fora dela. | | | | |
| Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas. | | | | |
| Corrixe e explica os traballos e as actividades, e da pautas para a mellora de seus aprendizaxes. | | | | |
| Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non alcanzaron suficientemente. | | | | |
| Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos se alcanzaron con suficiencia. | | | | |
| Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel dos estudantes... | | | | |
| Emprega diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e aos pais/nais. | | | | |

| PROCESO DE ENSINO | 1 | 2 | 3 | 4 |
|---|---|---|---|---|
| 1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado. | | | | |
| 2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe. | | | | |
| 3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado. | | | | |
| 4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado. | | | | |
| 5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado. | | | | |
| 6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado. | | | | |
| 7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.(na ESO) | | | | |
| 8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.(na ESO) | | | | |
| 9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado. | | | | |
| 10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación. | | | | |
| 11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula. | | | | |
| 12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo. | | | | |

## 2. PENDENTES. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

A avaliación dos alumnos **pendentes** da materia de Latín levarase a cabo por medio dos seguintes instrumentos:

- Control do traballo persoal do alumno mediante a **presentación periódica de exercicios** entregados previamente polo profesor. Estes exercicios pretenderán que o alumno profunde na gramática grega e reflexione sobre cuestións relacionadas co léxico e cunha ponderación dun 10%.
- **Elaboración dun tema** relacionado coa cultura. Serán temas que lle permitan ó alumno realizar un traballo de investigación e que condensen gran parte dos contidos culturais que conforman o currículo do curso e cunha ponderación dun 10%.
- Realización dunha **proba escrita** en data fixada de antemán polo Xefe do Departamento e cunha ponderación dun 80%.

**No caso de que os exercicios ou o traballo de investigación ou a proba escrita teñan avaliación negativa ou non se presenten, o alumno deberá realizar unha proba final escrita na data establecida no calendario de exames de materias pendentes e cunha ponderación dun 100%.**

# 3. ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS.

A avaliación de alumnos que non cursaron Grego I e que deben acreditar os coñecementos mínimos da materia de Grego levarase a cabo por medio dos seguintes instrumentos:

- **Cuestionarios** entregados periodicamente polo profesor cunha ponderación do 20% da nota final.
- **Traballo de investigación** cunha ponderación dun 30% da nota final.
- Realización de **dúas probas parciais escritas** en datas fixadas de antemán polo Xefe do Departamento. Estas probas serán eliminatorias pero, se algunha delas non é superada polo alumno, este poderá presentarse á proba final que se realizará antes da avaliación de remate do curso. Estas probas terán unha ponderación do 50% da nota final.

Tanto os cuestionarios como os traballos serán entregados nas datas que indique o profesor. Non se recollerán exercicios nin traballos fóra da data establecida salvo por causas debidamente xustificadas.

No caso de que o alumno non acadase cualificación positiva en xuño tería unha convocatoria extraordinaria para poder acadar os mínimos esixibles e superar a materia.

# 4. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Cada alumno é **distinto** dos demais. Os seus coñecementos, ideas e crenzas previas son distintos; tamén o son as súas capacidades, os seus ritmos de traballo e o seu estilo de aprendizaxe. Se queremos que todos aprendan non podemos pensar que todos saben o mesmo, adquiren as mesmas capacidades, teñen os mesmos intereses ou a mesma maneira de aprender.

A atención á diversidade debe orientarse a **quen teña dificultades** para acadar os Obxectivos, pero tamén a **quen os supere e poida amplialos** para así axustarmos a Avaliación ás súas necesidades psicolóxicas e educativas. Así, nas nosas actividades intentamos dar cabida ás dúas opcións para combinármolas na aula e para comprometer a todo o grupo no.

Presentamos tarefas para seren realizadas en pequenos **grupos formados por alumnado heteroxéneo** nos que as capacidades de uns poidan ser aproveitadas polos demais.

Atendendo a estas características, procuraremos que a materia de GREGO permita desenvolver ao máximo as capacidades do alumnado que así o demande, e faremos un **seguimento** o máis personalizado posible co fin de que cada quen desenvolva ao máximo as súas potencialidades. Para iso, cando na aula se detecten casos de alumnos ou alumnas que requiran unha atención especial referente ao seu proceso de aprendizaxe ou de comportamento, incorporaranse actividades específicas que permitan a adquisición de aprendizaxes a distinto nivel, informando tamén desta situación ao titor ou á titora correspondente.

Neste senso a metodoloxía que se pensa levar adiante vai ser diversa e estará baseada nos seguintes **criterios**:

1. Alternará o traballo individual e en pequenos grupos.
2. Farase un seguimento diario de alumnos con dificultades.
3. Farase uso de material didáctico próximo ós seus intereses e sobre todo práctico.
4. Non se comparará o alumno co grupo.

En todo momento poderanse facer pequenas adaptacións, se for preciso. Por esta razón vanse seguir unhas **pautas** determinadas de traballo:

- Determinación de que é o que o alumno non consegue facer.
- Determinación dos contidos que hai que traballar e da metodoloxía que hai que usar.
- Comprobación mediante a avaliación de cales foron os obxectivos acadados.

Tamén as **actividades** deberán ser diferenciadas segundo o alumno:

1. Actividades para o aproveitamento de alumnos avantaxados.
2. Actividades con distinto nivel de complexidade, que permitan traballar os mesmos contidos con esixencias distintas.
3. Actividades que lles permitan ós menos avantaxados acadar o máximo e que, sobre todo, lles poidan servir de reforzo ou axuda.

É por isto polo que os materiais didácticos non serán homoxéneos, xa que, aínda que se basean nun libro de texto, moitos temas poden ser elaborados polo propio Departamento.

# 5. TEMAS TRANSVERSAIS

Os elementos transversais, tales como a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional, traballaranse en todos os temas e en cada un dos estándares de aprendizaxe posibles, posibilitando e fomentando que o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado sexa o máis completo posible.

Pola súa propia natureza hai unha serie de temas transversais que resultan cómodos para abordarmos dende un punto de vista exclusivamente "clásico". Sen embargo, este Departamento prevé a súa inclusión só en puntos moi concretos e sempre perfectamente relacionados coas características culturais dos textos que en cada caso se traduzan, e se a receptividade do alumnado se amosa permeábel a eles. Son os seguintes:

-**Educación para a Paz e Educación moral e cívica:** o alumnado de Bacharelato terá ocasión, no primeiro trimestre, de comprobar que o mundo clásico adoecía dos mesmos problemas bélicos que o actual, adestrándose en formas de civilización baseadas moitas veces na guerra. Tamén se pode prantexar este tema cando de trata os temas relacionados co sistemas políticos, órganos políticos,...

-**A Educación de igualdade de sexos:** será unha constante de todo o curso, aínda que se tratará máis polo miúdo cando se aborde o mundo da muller da sociedade clásica, o tema do matrimonio e a educación en Grecia.

-**A Educación ambiental:** ó mesmo tempo que se pretende que o alumno recoñeza e identifique no contorno próximo restos arqueolóxicos que se relacionen coas culturas clásicas, promóvese o compromiso persoal para a conservación e o respecto de toda pegada do mundo clásico no ambiente natural. Este tema está relacionado co tema de cultura clásica de vías, edificios públicos,…

-**A Educación para o lecer:** cando se trata o tema do tempo libre en Grecia, ocio e deportes.

# 6. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

As actividades complementarias e extraescolares deste curso estarán recollidas na dirección web do centro na apartado de **Actividades extraescolares e complementarias.**

Tense pensado, en principio, participar no **Festival de Teatro Escolar**. En cursos pasados foise a Lugo, pero a elección da sede (Mérida, Itálica,...) depende da oferta e, dunha forma moi decisiva, do calendario. Esta actividade está pensada para todo o alumnado de 1º e 2º de Latín e Grego de Bacharelato, e tamén para os grupos de Cultura Clásica do centro.

Tamén se ten pensado aproveitar a viaxe a Madrid que realizan tódolos anos os alumnos de 2º Bacharelato ós museos da capital, para que os alumnos de Grego II podan contemplar *in situ* as vastas coleccións de pintura, escultura, etc... relacionadas coas materias de Clásicas. Esta actividade acostuma ser no segundo trimestre do curso.

E tamén se ten o propósito, coma en cursos anteriores, de participar con todo o alumnado de Latín e Grego, se se pode, no concurso **Odisea** organizado pola sección galega da SEEC.

Por último, hai plena disposición para aproveitar todas aquelas posibilidades que poidan xurdir e que sexan axeitadas ós temas tratados ó longo do curso.

# 7. TRATAMENTO DO FOMENTO DA LECTURA

Desde esta materia, e tendo en conta o ***plan lector*** do centro, intentaranse levar a cabo propostas de traballo onde xurdan procesos implicados na competencia lectora como os seguintes:

1. Adquirir e consolidar o hábito lector e mellorar a competencia lectora individual: favorecer o uso correcto (oral e escrito) das linguas de ensino-aprendizaxe.
2. Consecución das competencias curriculares: axuda na comprensión lectora de textos (ou outro material complementario) que deben manexar nas tarefas escolares; apropiación do vocabulario específico de cada área.
3. Comprender globalmente (capacidade para identificar a idea principal do texto).
4. Obter información (capacidade para extraer información do texto).
5. Elaborar unha interpretación (capacidade para extraer o significado e realizar inferencias a partir do lido).
6. Reflexionar sobre o contido do texto (capacidade para relacionar o contido do texto cos coñecementos previos).
7. Reflexionar sobre a estrutura dun texto (capacidade de relacionar a forma do texto coa súa utilidade e función).

Para isto, algunhas das actividades propostas poden ser:

- Dedicación á lectura naqueles temas teóricos da materia, de maneira que esa lectura vaia acompañada coa explicación correspondente do profesorado. Posteriormente, o alumnado podería elaborar esquemas, servindo estes como ferramenta de aprendizaxe.
- Lectura de textos recollidos en libros, revistas ou prensa relacionados co mundo clásico.
- Lectura persoal dunha obra da literatura latina traducida e/ou adaptada en cada avaliación.
- Realización de traballos de investigación acerca dos distintos contidos da materia.
- Elaboración dun vocabulario específico das linguas e cultura clásicas.

Dende o Departamento propoñerase, ademais das lecturas obrigatorias xa mencionadas, un **catálogo de libros** axeitados ó nivel lector do alumnado para o fomento da lectura e da curiosidade polo mundo grego. Estes libros serán de lectura voluntaria e poderán ser comentados polos alumnos na clase. Os libros recomendados son os seguintes:

- Pierre FORNI, *Yo, Alejandro,* Anaya
- Litsa PSARAFTI, *La sonrisa de Hécate*, SM
- Alan GIBBONS, *La sombra del Minotauro*, SM
- Imme DROSS, *Ilión y Odiseo*, Salamandra
- Gilliam BRADSAW, *El contador de arena*, Salamandra
- Gilliam BRADSAW, *El faro de Alejandría*, Salamandra
- Arturo PÉREZ, *La civilización griega*, Ed. Anaya
- Raquel LÓPEZ MELERO, *Así vivían en la Grecia antigua*, Ed. Anaya.

Recoméndase ademais a lectura de artigos relacionados co mundo clásico en **revistas de Historia**, tales como *Historia y Vida, Clío, Historia National Geographic,* etc.

Tamén se vai aproveitar o que ofrece o **cine**, unha ferramenta pedagóxica fascinante e un medio audiovisual que promove o desenvolvemento de habilidades sociais, ademais de predispor á reflexión, á análise e ó xuízo crítico, e a crear e a transmitir determinadas actitudes e valores sociais e culturais. Por isto proponse a visualización de películas relacionadas co mundo clásico (catálogo na aula).

# 8. TRATAMENTO DO FOMENTO DAS TIC

O fomento do uso das TIC será obxectivo da materia de latín, utilizando a rede informática para realizar traballos de investigación e atopar información, empregando todos os recursos multimedia ao noso alcance (CD-ROM, páxinas web...), incentivando no noso alumnado o uso dos recursos informáticos para a presentación dos seus traballos (presentacións en PowerPoint, uso do encerado dixital, da aula TIC, da aula de informática, dos equipos informáticos da biblioteca escolar...) e deixando que a actualidade entre nas aulas a través dos recursos multimedia con contidos relacionados co mundo clásico, a arqueoloxía, a literatura, etc. ... Para acadar estes obxectivos este departamento dedicará **unha hora á semana** a realizar actividades **na aula de informática.**

Trabállase cos alumnos o fomento das TIC, utilizando as seguintes páxinas:

- http://www.culturaclasica.com/ É un sitio en español desenvolvido desde Andalucía por "Agamador & Tiresias". Contén temas de literatura, cultura, relixión, exercicios de lingua, enlaces a outros sitios, moitos mapas moi atractivos, e outros temas, textos clásicos sinxelos adaptados, acceso a un dicionario elemental latino-español, etc
- http://www.luduslitterarius.net/ Páxina con contidos didácticos, existe multitude de xogos e exercicios moi enxeñosos para afianzalos.
- http://www.melchordemacanaz.es/. Páxina con múltiples exercicios, xogos, recursos, contidos.
- http://www.culturaclasica.net/ Moi semellante á anterior. Máis de 25 institutos de Valencia e Castellón desenvolveron esta páxina didáctica que abarca distintos temas de Cultura Clásica como mitoloxía, astronomía, unha cidade romana (Tarragona), a cociña romana, ludoteca con xogos mitolóxicos, fundamentos léxicos, étimos, etc.
- http://recursos.cnice.mec.es/latingriego/Palladium/ Trátase da ferramenta didáctica en español para o ensino secundario máis rica de contidos, de maior interese e que mellor aproveita os recursos electrónicos. Excelente. Ademais da enorme cantidade de contidos didácticos, existe multitude de xogos e exercicios moi enxeñosos para afianzalos. Os exercicios poden gardarse e o profesor pode acceder para comprobar o rendemento do seu alumno.

- http://iessapostol.juntaextremadura.net/latin/anilloclasicas. Dá acceso a sitios web de latín, grego e cultura clásica elaborados en distintos institutos do Estado. Cada sitio ten os seus contidos didácticos, temas, mapas, etc.
- http://www.estudiosclasicos.org/ A Sociedade Española de Estudios Clásicos está elaborando un importante sitio selectivo de recursos. As seccións máis desenvolvidas son as de sociedades asociadas ou delegacións e os museos con imaxes relativas ó mundo antigo: un traballo excelente e de gran interese. Ten seccións de portais e buscadores, textos e autores, museos, bibliografía e imaxes.
- Tamén se pode contar con sitios web, webquest, blogs e plataformas educativas como a seguinte:
- http://www.anmal.uma.es/anmal/recursos. É un sitio que recolle moitos enlaces sobre os recursos do mundo clásico na Rede. Feito por profesores da Universidade de Málaga, a través del pódese acceder a un número grande de sitios interesantes academicamente. Proporciona enlaces con foros de discusión sobre o ensino do latín e do grego, enciclopedias e dicionarios *on-line*, etc.: sitio imprescindible para un estudoso da antigüidade.
- www.blogoteca.com/verbavolant/
- IES"San Tomé de Freixeiro"- Depart. De Latín- blog: O olmo dos falsos soños
- Os blogs de Fernando Lillo Redonet

## 9. TRATAMENTO DO FOMENTO DA CONVIVENCIA NO CENTRO

A través da materia e tendo en conta o plan de convivencia do centro intentarase:

- Contribuír ao labor de concienciación sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar que permita unha mellor relación ensinanza-aprendizaxe.
- Detectar o antes posible conflitos que poidan xurdir nas aulas para resolvelos de maneira pacífica.
- Establecer normas de funcionamento e organización das clases da materia ou de calquera espazo que se utilice para impartir a materia.
- Motivar ao alumnado para que comece a interiorización da cultura do diálogo e a mediación. Fomentar o respecto entre todos os membros da comunidade e a integración de todos os alumnos/as no centro.
- Fomentar a realización de actividades que potencien o respecto á diversidade.

Se é necesario empregarase a aula de convivencia como medio de solucionar conflitos e corrixir comportamentos.

# 10. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO PROXECTO LINGÜÍSTICO

As actuacións que se levarán a cabo desde a materia para desenvolver o proxecto lingüístico serán as seguintes:

1. Respectarase a lingua establecida polo proxecto lingüístico para a docencia da materia. Utilizaranse as medidas de apoio e reforzo establecidas para o correcto uso lingüístico educativo, para alcanzar o obxectivo de fomento do plurilingüismo.
2. Adoptaranse medidas para que o alumnado con insuficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten.
3. Colaborarase nas actividades organizadas para a dinamización da lingua galega.

# 11. SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Para seguir o axeitado desenvolvemento da programación durante o curso, polo menos unha vez na avaliación hase recoller expresamente no libro de actas do departamento unha valoración acerca do desenvolvemento da programación. Nela indicarase se a programación se está a desenvolver segundo estaba previsto ou non e os seguintes indicadores:

| VALORACIÓN DA PROGRAMACIÓN | 1 | 2 | 3 | 4 |
|---|---|---|---|---|
| 1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo. | | | | |
| 2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos. | | | | |
| 3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas. | | | | |
| 4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos. | | | | |
| 5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar. | | | | |
| 6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación. | | | | |
| 7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación. | | | | |
| 8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver. | | | | |
| 9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento. [Só para ESO e bach.]. | | | | |
| 10. Adecuación da secuencia de traballo na aula. | | | | |
| 11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados. | | | | |
| 12. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use). | | | | |
| 13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba. | | | | |
| 14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares. | | | | |
| 15. Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos [Só para determinadas materias de 2º bacharelato]. | | | | |
| 16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc. | | | | |
| 17. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación. | | | | |
| 18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final. [Só para ESO e bacharelato]. | | | | |
| 19. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria. [Só para ESO e bach]. | | | | |
| 20. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato] | | | | |
| 21. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato] | | | | |
| 22. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar. | | | | |
| 23. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares. | | | | |
| 24. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE. | | | | |
| 25. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas. | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos. | | | | |
| 27. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción. | | | | |
| 28. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso. | | | | |
| 29. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro. | | | | |
| 30. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia. | | | | |

# IV. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A información estará na aula virtual, na web do centro e a comunicación se realizará través do correo electrónico.

**VIGO, 22 de setembro de 2022**

**Mª de las Nieves Jiménez Antolín**

**XEFA DO SEMINARIO DE LATÍN**

**IES ALEXANDRE BÓVEDA. CURSO 2022 - 2023**